



**CINE**  
**CONCERTOS**



**Udra**  
producciones



# Toundra

## O gabinete do doctor Caligari

(Robert Wiene, 1920)



Toundra comenzo a súa viaxe en 2007. O seu son combina riffs poderosos, fermosas melodías e atmósferas intrincadas. Son unha das bandas instrumentais máis aplaudidas de Europa.

A composición de Toundra dedica unha admirada reverencia ao clásico alemán. Os ritmos eternos, as melodías aparentemente sinxelas e a abundante percusión intensifican as angulosas e coloreadas escenas cunha interpretación en directo que non deixa lugar a dúbidas sobre o altísimo nivel técnico dos músicos.

Berlín, 1920. Tan só uns meses despois da fin da Primeira Guerra Mundial, estreábase O gabinete do Doutor Caligari, unha película muda e de terror cunha clara vocación pacifista. Nela, o goberno militar alemán, representado polo Doutor Caligari, hipnotiza ao seu pobo, caracterizado como Cesar, e utilízao para cometer os asasinatos máis viles. A forza expresiva, a unidade, a disciplina e a cohesión das súas imáxenes demostra a superioridade esmagadora dunha obra composta por un visionario.

---

### Ficha técnica da película

**Título orixinario:** Das Kabinett des Dr. Caligari **Ano:** 1920 **Duración:** 63 min. **País:** Alemaña  
**Director:** Robert Wiene **Guión:** Carl Mayer, Hans Janowitz **Fotografía:** Willy Hameister  
**Reparto:** Werner Krauss, Conrad Veidt, Friedrich Feher, Lil Dagover, Rudolf Klein-Rogge, Hans Heinrich von Twardowski **Produtora:** Decla Film **Xénero:** Terror | Expresionismo alemán.



# Hammond York Sete ocasións

(Buster Keaton, 1925)



**Hammond York** é unha banda de ska-reggae formada en Madrid en 2011. Estrean disco, “Mad About York”, onde homenaxean a Ennio Morricone. Como eles mesmos din: Ritmos embutidos desde o polígono Marconi, ska fresco e lixeiro con sabor a cinema.

Jimmy Shannon (Buster Keaton), broker de bolsa, atópase desesperado e na bancarrota máis absoluta cando recibe a visita inesperada dun avogado.

O seu tío, recentemente falecido, convérteo en herdeiro de sete millóns de dólares cunha única condición: que case antes das 7 da tarde no día que cumpra 27 anos, pero ese día é HOXE!

---

## Ficha técnica da película

**Título original:** Seven Chances **Ano:** 1925 **Duración:** 56 min. **País:** Estados Unidos  
**Director:** Buster Keaton **Guión:** Clyde Bruckman, Jean Havez, Joseph Mitchell **Fotografía:**  
J Elgin Lessley, Byron Houck **Reparto:** Buster Keaton, Ruth Dwyer, T. Roy Barnes, Shitz Edwards,  
Frances Raymond, Erwin Connelly, Jules Cowles **Productora:** Buster Keaton Productions / Metro-  
Goldwyn Pictures Corporation **Xénero:** Comedia



## Olivier Arson

# EL REINO

(Rodrigo Sorogoyen, 2018)



**Olivier Arson é un compositor e produtor francés. Compón música electrónica dunha gran potencia cinematográfica con influencias que van desde os pioneiros do ambient ata a electroacústica e a música industrial.**

**É autor das bandas sonoras dos thrillers de Rodrigo Sorogoyen “Que Dios nos perdone”, nomeada para mellor banda sonora nos Premios Feroz, e “El Reino”, pola cal gaña o Premio Goya á Mellor Música Orixinal.**

Un influente vicesecretario autonómico que o ten todo a favor para dar o salto á política nacional, observa como a súa perfecta vida se desmorona a partir dunhas filtracións que o implican nunha trama de corrupción. Manuel é expulsado do reino, sinalado pola opinión pública e traizoado polos que, ata había só unhas horas, eran os seus amigos.

---

### Ficha técnica da película

**Título orixinario:** El reino **Ano:** 2018 **Duración:** 131 min. **País:** España **Director:** Rodrigo Sorogoyen **Guión:** Isabel Peña, Rodrigo Sorogoyen **Fotografía:** Álex de Pablo **Reparto:** Antonio de la Torre, Josep Maria Pou, Nacho Fresneda, Ana Wagener, Mónica López, Bárbara Lennie, Luis Zahera, Francisco Reyes II, María de Nati, Paco Revilla, Sonia Almarcha, David Lorente, Andrés Lima, Óscar de la Fuente, Laia Manzanares, Max Mariages **Productora:** Tomasol Films / Trianera PC AIE / Atresmedia Cine / Le Pacte / Mondex & Cie / Bowfinger International Pictures **Xénero:** Thriller. Drama | Política. Crimen